



UNIDADE
DIDÁCTICA.

Mirador Ría de Cereixo.
Interpretación do Mar

1º PRIMARIA 2º PRIMARIA



Agradecemos ao documento "Investigación e documentación sobre Cereixo e a Costa da Morte", que forma parte do proxecto "Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar", por aportar información necesaria para a creación desta Unidade Didáctica.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Costa da Morte



XUNTA
DE GALICIA



1º - 2º

PRIMARIA



NATUREZA: FAUNA DE CEREIXO

Peixes que viven na ría de Porto,
río Grande e río de Carnés.
Nome en latín das especies.

POBO DE CEREIXO: UN PORTO NA TERRA DE SONEIRA

Mapa dos lugares emblemáticos de Cereixo.
Edifícios culturais rurais de Cereixo.

CREATIVIDADE E MEDIOAMBIENTE

Mirador Ría de Cereixo, ideas e propostas creativas.

Esta Unidade Didáctica forma parte do proxecto "**Mirador Ría de Cereixo. Interpretación do Mar**", impulsado polo Concello de Vimianzo e subvencionado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia a través do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP).

FAUNA E NATUREZA. Os peixes en Cereixo.

Cereixo está situado na beira de ría do Porto, que conecta coa ría de Camariñas. Ao igual que outras zonas costeiras, aquí viven unha gran variedade de animais salvaxes.

Nesta primeira parte da unidade didáctica, imos aprender os nomes dalgúns dos peixes que habitan na ría do Porto e nos ríos que desembocan nela, que son río Grande e río de Carnés.


De **auga salgada**, imos coñecer a **anguía**, o **reo** e o **muxo**.
De **auga doce**, a **troita** e o **escalo**.

SABÍAS QUE... os peixes que habitan na auga do mar chámanse peixes de auga salgada, e os que viven nos ríos ou lagos coñécense coma peixes de auga doce. En Cereixo, cando a marea da ría sobe, a auga salgada da ría mestúrase coa dos ríos.

Actividade para a clase:

Escanea e fotocopia os debuxos dos peixes, despois escribe o seu nome e colorea. Cando estén rematados, recorta e pegade unha rede de pesca na parede e colócade os peixes nela.


Escribe o nome e **colorea** esta anguía que vive na ría de Porto.



Anguía (ANGUILLA ANGUILLA)


Escribe aquí que é o que máis che chama a atención da anguía e porqué.

Escribe o nome **e colorea** os peixes que viven na Ría de Porto.




Reo (SALMO TRUTTA TRUTTA)


Escribe o nome **e colorea** os peixes que viven nos ríos que desembocan en Cereixo.



Troiña (SALMO TRUTTA FARIO)



Muxo (LIZA RAMADA)



Escalo (SQUALIUS CAROLITERTII)

PORTO DE CEREIXO. O mar no concello de Vimianzo.

Cereixo é unha parroquia que forma parte do **Concello de Vimianzo**, a súa igrexa chámase **Santiago de Cereixo** e foi construída durante a Idade Media.

Por Cereixo atravesa o río de Carnés (tamén coñecido coma Río Cereixo), e xusto na súa desembocadura, constrúese un **muíño de mareas** que tamén se coñece coma **Muíño das Torres**.

As **Torres de Cereixo** é un pazo que parece un castelo polas súas grandes torres, é un dos edificios máis emblemáticos de Cereixo.

Na finca do pazo **Vila Purificación**, que é a casa máis antiga de Cereixo, está construído un dos **cabazos máis longos de Galicia**.

En **Porto de Cereixo**, como o seu propio nome indica, atracaban os barcos de pesca e mercadorías. Tamén hai un estaleiro que aínda se conserva hoxe en día.

Actividade para a clase:


Buscade no mapa de Cereixo os nomes no seu sitio correspondente e **colorea**.
Buscade no mapa cales son os ríos que desembocan na ría onde se sitúa Porto de Cereixo, e a onde chega esta mesma. Despois situade a igrexa, o muíño de mareas, as Torres de Cereixo e Vila Purificación.

Escribe no mapa de Cereixo os nomes no seu sitio correspondente e **colorea**.

Ría de Porto
Cabazo

Muíño de mareas
Carballo centenario

Igrexa de Cereixo
Río de Carnés



Repasa e completa o debuxo, despois colorea.

Isto é un **cabazo**, neles gárdase o millo ou outros alimentos. Os cabazos diferénciase porque teñen unhas patas que fan que estean a máis altura para evitar o acceso dos animais.



Isto é o **Carballo Centenario de Cereixo**, unha árbore que ten máis de 100 anos de antigüidade. O froito do carballo é a landra.





Isto é un **muíño de mareas**, serve para moer os alimentos coma trigo ou millo. Funciona tanto coma se sobe a auga do mar como si baixa a do río.



Ista é a **Igrexa de Cereixo**, é de estilo románico e foi construída posiblemente a finais do século XII. Na porta Sur está unha das representacións máis antigas da **Traslatio de Santiago Apóstol**.



Este é o **Mirador de Cereixo**, debuxa e colorea que che gustaría ver aquí.



Escribe aquí as túas ideas e pensamentos
sobre o Mirador de Cereixo.

Como che gustaría que fose?

Que che gustaría ver dende alí ?

Prefires ver o amencer, o solpor, unha noite estrelada ou un día soleado dende o miradoiro? Por que?

Saberías dicir cal ou cales son os lugares que se poden ver dende o Mirador de Cereixo?

<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>